

Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



O Centro de Educación de Adultos EPA de Ourense celebrou o día 1 de xuño de 2017 no Centro Cultural Marcos Valcárcel un acto poético de clausura do Proxecto Europeo “ **Patrimonio Téxtil: dos Antigos Teares á Arte Dixital**”, proxecto cofinanciado pola Comisión Europea a través do programa Erasmus+. Tratouse dun evento multiplicador internacional que se desenvolveu en inglés e galego por medio de intérpretes. No proxecto participan outros seis centros de cinco países europeos, Italia, Grecia, Reino Unido, Bulgaria e Letonia, sendo o centro de Educación Permanente de Adultos o coordinador. Este é o quinto proxecto europeo no que o centro Epa participa, sempre co obxectivo de chegar aos colectivos máis desfavorecidos e en risco de exclusión a través do intercambio cultural e de boas prácticas cos países participantes.

O acto, dirixido polo profesor Alfredo Juan Conde Mariñas, estivo presidido pola Xefa Territorial de Educación, D. M^a Luz Fernández Quintas, a directora do centro EPA, Ana Isabel Muñoz González e a coordinadora do proxecto, Jacqueline Agrelo Filgueira, e coa asistencia do inspector do instituto D. Marcos Fernández Álvarez e todo o equipo internacional. Como fíos conductores do acto contouse coa presenza da poetisa galega Dores Tembrás, que ten impartido obradoiros de poesía no centro EPA e recitou poemas seus que dunha maneira ou outra están relacionados coa actividade téxtil. Contouse tamén coa participación de exalumnos e do alumnado do centro procedente de distintos países e implicado dentro do proxecto coa educación para paz, que leron fragmentos da obra de Antoine de Saint-Exupéry “O pequeno príncipe”, que foi traducida ao galego por Carlos Casares e serviu de punto de partida para un clube de lectura con alumnado de todos os países participantes.

O centro EPA de Ourense, por non tratarse dun centro específico de educación téxtil, decidiu dar un enfoque ao proxecto centrado na inclusión por medio das actividades manuais e artísticas, na transmisión de valores, na apreciación das artes e as tradicións a través da historia e o valor do patrimonio lingüístico ligado á actividade téxtil.

Ao acto asistiron persoas relacionadas coa educación, a formación, a xuventude e o deporte, procedentes de distintas entidades da cidade como a Universidade de Vigo, sindicatos, o colectivo ecoloxista Amigos da Terra, a Escola Oficial de Idiomas, persoas relacionadas co sector téxtil tradicional e público en xeral.

Erasmus+ ofrece oportunidades para a cooperación, a innovación e o intercambio de boas prácticas nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte.



As tecelás Conchi Outeiriño de Ourense e Baiba Sulce de Letonia

Erasmus+ une as persoas



A exalumna Hilde Couto co profesor Xosé Antonio Álvarez



Enlace para descargar a imaxe full-quality, 22MB version, you can download it here: <https://cl.ly/1J0A1E0S2g2p/Presentation-22MB.jpg>

A EPA de Ourense agradece a participación.

O proxecto é un tributo a todos aqueles dos que algunha vez aprendemos algo.

Directora do centro EPA, Ana Isabel Muñoz González. 988243834, 667479152

Coordinadora do proxecto, Jacqueline Agrelo Filgueira. Móbil 699821915

Pódese atopar toda a información sobre o programa Erasmus+ na web

<http://internacionalizacion.sepie.es/>

Páxina web do proxecto, en construción.

<http://www.dare2wow.me/en/>



Alfredo Juan Conde, director do evento, Jacqueline Agrelo, coordinadora do proxecto, Ana Muñoz, directora do centro EPA de Ourense e Dores Tembrás, poeta.



Ana Muñoz, directora do centro EPA de Ourense, M^a Luz Fernández, Xefa Territorial de Educación, Alfredo Juan Conde, director do evento e Claudio Veneri, coordinador italiano do centro Cossa-Pavía, Italia.